

Décimo oitavo convenio colectivo de traballo para a empresa Cementos Cosmos, S.A., factoría de Oural
(Anos 2004-2006)¹

Capítulo preliminar

Intervenientes

O presente convenio colectivo foi negociado e subscrito, dunha parte, polo comité de empresa da factoría de Oural de Cementos Cosmos, S.A., e doutra,

polos representantes designados pola dirección da empresa. Ambas as partes se recoñecen a lexitimación exixida polos artigos 87 e 88 do R.D.L. 1/1995 do Estatuto dos traballadores.

Capítulo I

Disposicións xerais

Sección primeira

Ámbitos

Artigo 1º.-Ámbito territorial.

O presente convenio colectivo seralles de aplicación aos centros de traballo da factoría de Oural, canteira de Vilavella e canteira do Val do Mao da empresa Cementos Cosmos, S.A., na provincia de Lugo.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Afecta este convenio a totalidade do persoal pertencente ao cadro de persoal da sociedade e que se encontre prestando os seus servizos dentro do ámbito territorial expresado no artigo anterior, ben como o que ingrese na sociedade do referido ámbito durante a súa vixencia, coa excepción do persoal que, precedendo a súa libre, voluntaria e expresa aceptación, sexa considerado como persoal fóra de convenio, entendéndose por persoal fóra de convenio o persoal directivo. Este último, non obstante, poderá renunciar en calquera momento a esa condición e acollerse ao réxime de convenio.

Artigo 3º.-Vixencia e duración. Denuncia.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e a súa duración será até o 31 de decembro de 2006, ben que os efectos económicos para o primeiro ano de vixencia se retrotraerán ao 1 de xaneiro de 2004.

Para a denuncia do convenio procederáse cunha anticipación de trinta días como mínimo antes do seu vencemento. Esta denuncia será efectuada por calquera das partes e por escrito.

Sección segunda

Absorción, compensación e condicións

máis beneficiosas

Artigo 4º.-Absorción e compensación.

As melloras resultantes do presente convenio serán absorbidas naquelas cuestións concretas que sexan superadas por disposición legal. Estas cuestións serán inmediatamente aplicadas ao presente convenio.

Artigo 5º.-Condicións máis beneficiosas.

Todas as melloras contidas no presente convenio establécense co carácter de mínimas dentro das condicións pactadas. Respetaranse as situacións que impliquen para o traballador condicións máis beneficiosas cas aquí comprendidas, en canto non sexan absorbidas ou superadas pola aplicación doutras normas laborais.

Sección terceira

Comisión paritaria e arbitraje

¹ Publicado no DOG núm. 205, do 21 de outubro de 2005.

Artigo 6º.-Comisión de vixilancia.

Para vixiar o cumprimento do convenio, e co fin de interpretalo, cando proceda, constitúese unha comisión mixta de vixilancia formada por catro membros como máximo da representación de traballadores e outros tantos en representación da empresa, todos eles co seu respectivo suplente.

Compoñentes desta comisión:

-Representantes da empresa: Jesús Martínez Rodríguez, José Antonio Valcárcel Tallos, Félix Rico Gómez, Miguel Rodríguez del Río.

-Representantes dos traballadores: Mario Secundino Camino López, José Antonio Ingerto Díaz, José Manuel Campo López, Fernando Pérez Rodríguez.

Actuarán como secretarios desta comisión dous dos seus vogais, un en representación da empresa e outro en representación dos traballadores, os cales levantarán acta conxunta das reunións.

Co exclusivo obxecto de dirixir as reunións, sen poder decisorio ningún nin voto de calidade, designarase en cada reunión un presidente moderador. Este cargo será desempeñado alternativamente por un vogal da representación dos traballadores e outro da representación empresarial.

Ambas as representacións poderán asistir ás reunións con tres asesores, como máximo, que poderán ser alleos á empresa, os cales terán voz pero non voto.

As reunións desta comisión celebraranse cando o solicite calquera das partes. As convocatorias cursaranas os secretarios comunicando a orde do día. O domicilio da comisión mixta será o propio da empresa.

A comisión, por medio dos seus secretarios, publicará os acordos interpretativos do convenio, facilitando copias á empresa e á representación dos traballadores, no prazo que en cada caso se determine.

As decisións tomaranse considerando que cada vogal ten un voto.

Será da competencia da comisión regular o seu propio funcionamento.

Artigo 7º.-Arbitraje.

Calquera discrepancia, individual ou colectiva que poida xurdir entre as partes, respecto á interpretación ou aplicación deste convenio, será sometida obrigatoriamente, pola parte ou partes que o promovan, á comisión de vixilancia do convenio, que resolverá no prazo máximo de 20 días, desde a data en que a presentasen. Os seus acordos serán adoptados por maioría simple.

Caso de que esta non chegue a un acordo, a cuestión será sometida ao procedemento extraxudicial de solución de conflitos de traballo regulado na Resolución do 9 de marzo de 1992 da Dirección

Xeral de Traballo e Promoción do Emprego, DOG do 8-4-1992, texto revisado pola comisión paritaria do 15-3-1995, DOG do 4-5-1995.

Efectuada a arbitraje ou obtida avinza previa, tanto en trámite conciliatorio como en trámite de mediación, ambas as partes comprométense a cumprir nos seus propios termos a decisión que se adopte, sen prexuízo das accións a que houber lugar.

Capítulo II

Política de emprego

Sección primeira

Disposicións xerais

Artigo 8º.-Contrato de traballo.

Na contratación de traballadores observarase o establecido na Lei 2/1991, do 7 de xaneiro (BOE do 8 de xaneiro), sobre dereitos de información dos representantes dos traballadores en materia de contratación.

Artigo 9º.-Período de proba.

Todas as incorporacións de novos traballadores estarán sometidas a un período de proba que poderá ser de até 9 meses para o persoal titulado e até dous meses para o resto dos traballadores.

Durante este período todos os dereitos e obrigacións serán os mesmos que para o persoal fixo, a excepción da posibilidade de rescisión do contrato, que poderá producirse por decisión de calquera das partes cun aviso previo de 24 horas.

Artigo 10º.-Expediente de crise.

Tres meses antes de que a empresa solicite calquera expediente, abrirase unha información e discusión cos sindicatos e o comité de empresa.

Artigo 11º.-Xubilacións.

A xubilación será aos 64 anos, no caso de a pedir calquera das partes, traballador ou empresa, e será regulada de acordo co R.D. 1194/1984, do 17 de xullo (BOE do 20 de xullo).

Respecto dos traballadores que cumpriran sesenta anos e se encontren diminuídos física ou psiquicamente polo desempeño do seu traballo, a empresa estudiará cada caso en particular, para proceder á súa xubilación ao cento por cento da súa base reguladora.

Sección segunda

Xornada de traballo

Artigo 12º.-Xornada laboral.

A xornada laboral será de corenta horas semanais, en cómputo trimestral, incluíndo media hora de bocadillo para a xornada continuada.

Artigo 13º.-Horas extraordinarias.

Acórdase reducir ao mínimo indispensable as horas extraordinarias conforme os seguintes criterios:

1. Horas extraordinarias habituais: supresión.
2. Horas extraordinarias que veñan exixidas pola necesidade de reparar sinistros e outros danos extraordinarios e urxentes: realización.
3. Horas extraordinarias motivadas por causas de forza maior e estruturais: realización.

De acordo co disposto na O.M. do 1 de marzo de 1983 e para os efectos do regulamentado no artigo 7 do R.D. 92/1983, entenderanse por horas estruturais as necesarias por pedidos imprevistos, períodos punta de produción, ausencias imprevistas, cambios de quenda ou outras circunstancias de carácter estrutural, derivadas da natureza da actividade de que se trate, ou mantemento sempre que non poidan ser substituídas pola utilización das distintas modalidades de contratación previstas legalmente.

Para isto, notificarase así, mensualmente, a entidade laboral. En todo isto observarase o disposto na O.M. do 1 de marzo de 1983.

4. Na empresa constituirase unha comisión, integrada por dous membros do comité de empresa e un representante da dirección, que terá as funcións seguintes:

- a) Examinar se as horas extras realizadas no mes anterior se axustan a estas normas.
- b) Facer propostas e suxestións á dirección da empresa.

- c) Denunciar á dirección do centro os incumprimentos que se puidesen observar.
- d) Recibir periodicamente (mensualmente) unha relación por grupos de traballo das horas realizadas, podendo acudir á Sección de Persoal para aclarar calquera dúbida que ao respecto se presente.

5. As horas extras repartiranse equitativamente entre os traballadores, cando a organización dos traballos o permita.

6. O importe das horas extras queda fixado na contía que para cada chanzo e antigüidade se sinala no anexo III.

Artigo 14º.-Días festivos.

Ademais dos establecidos no calendario laboral, establécese como festivo para todos os efectos o día catro de decembro, Sta. Bárbara, considerado como o día da patroa. Caso de coincidir este día con outro día de descanso, trasladarase a outro laboral.

En caso de coincidir algún dos días festivos en sábado, compensarase todo o persoal que realice a súa xornada de traballo de luns a venres.

Artigo 15º.-Vacacións e permisos retribuídos.

O cálculo para os pagamentos destas percepcións efectuarase como se se permanecese traballando.

Para todo o persoal, as vacacións serán de trinta días naturais.

Aqueles traballadores que por motivos da empresa non disfruten 19 días continuados na época de verán, poderán optar por percibir a compensación económica sinalada no anexo IV, ou disfrutar 5 días labo

rables máis de vacacións, logo de acordo coa empresa.

Capítulo III

Prevenición de riscos laborais

Artigo 16º.-Prevenición de riscos laborais.

En todo o referido á prevención de riscos laborais e comité de seguranza e saúde, ambas as partes acordan remitirse expresamente ao disposto na lexislación xeral vixente, Lei de prevención de riscos laborais, Lei 31/1995, do 8 de novembro, e normas que a desenvolvan.

Capítulo IV

Representación dos traballadores

Artigo 17º.-Representación dos traballadores.

En todo o referente aos órganos de representación dos traballadores, observarase o disposto no título II do R.D.L. 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos traballadores, así como a Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e a restante lexislación que resulte de aplicación. As horas sindicais serán acumulables entre os diferentes representantes dos traballadores.

Capítulo V

Retribucións

Sección primeira

Incremento salarial

Artigo 18º.-Incremento salarial.

a) Ano 2004:

As táboas salariais que figuran nos anexos I, II, III e IV foron incrementadas no 3% sobre as vixentes a 31-12-2003, e o seu efecto retrotraerase ao 1 de xaneiro de 2004. O complemento de quenda (3t) increméntase o 7,5% e o complemento de quenda (2t) e a gratificación por traslado da canteira increméntanse o 5%.

b) Ano 2005:

O incremento pactado para o período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2005 é dun (1) punto por enriba da previsión do IPC publicado nos orzamentos xerais do Estado para ese ano. O complemento de quenda (3t) incrementarase o 7,5% e o complemento de quenda (2t) e a gratificación por traslado da canteira incrementaranse o 5%.

c) Ano 2006:

O incremento pactado para o período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2006 é dun con catro puntos (1,40) por enriba da previsión do IPC publicado nos orzamentos xerais do Estado para ese ano.

A antigüidade rexerese polo disposto no artigo 23°.

Sección segunda

Conceptos retributivos

Artigo 19°.-Soldo base.

É a parte da retribución do traballador fixada por unidade de tempo; nel enténdense incluídos os com

plementos de posto de traballo que retribúen as condicións específicas dos postos de traballo, excepto o establecido no artigo 23°. O seu importe é o reflectido no anexo I.

Artigo 20°.-Prima de produción variable.

Estabécese esta prima para todo o persoal, incluído o de ensaca, en función da produción de clinker, que será mínima segundo as cantidades que se expresan na táboa de salarios do anexo I, incrementándose o seu valor de acordo co aumento da produción de clinker, segundo anexo II. O cálculo da prima efectuarase polo total anual móbil (TAM).

Artigo 21°.-Gratificacións extraordinarias.

Con motivo das festividade de Santiago e Nadal, a empresa aboará unha gratificación, pagadoira coas mensualidades de xuño e novembro respectivamente.

O importe de cada unha delas será unha mensalidade do soldo convenio, antigüidade e a prima mínima do anexo I, sen que en ningún caso se teña en conta o período de incapacidade laboral transitoria para o seu cálculo.

Artigo 22°.-Paga de beneficios.

A paga de beneficios aboarase coa mensalidade de decembro e o seu importe será o correspondente a unha mensalidade de soldo base, antigüidade e a prima mínima do anexo I.

En ningún caso se terá en conta o período de incapacidade laboral transitoria para o seu cálculo.

Artigo 23°.-Antigüidade.

Tomarase para o seu cómputo o salario mínimo interprofesional, aplicándose as seguintes porcentaxes:

Anos	%
2	5
4	10
9	17
14	24
19	31
24	38
29	45
34	50

Actualizarase en cada momento e automaticamente segundo os incrementos do salario mínimo interprofesional.

Artigo 24°.-Complemento de quendas.

O traballo por quendas, entendéndose por tal o que se presta en xornada ininterrompida de oito horas, de mañá, tarde e noite, en quenda rotativa, gratificarase cun complemento consistente no valor expresado no anexo IV. Os traballadores que presten os seus servizos en dúas quendas rotativas (mañá e tarde) gratificaranse cun complemento, segundo o valor expresado no citado anexo IV.

Devengarase este complemento en canto o produtor realice as súas funcións segundo o disposto neste artigo, deducíndose unicamente deste cómputo o período en que se encontre de baixa por incapacidade laboral transitoria.

Tamén se devengará durante as vacacións proporcionalmente ao devengado por este concepto durante o período anterior, computado de vacación a vacación. Tamén terá dereito a este complemento o traballador que, estando a quendas o 70% do ano, sexa incorporado de forma temporal á quenda central ou dúas quendas por necesidades da empresa.

Para os efectos do aboamento do complemento de quendas, establécese que será devengado tamén polo traballador que non está a quenda rotativa e que por necesidades de servizo teña que ser incorporado de forma frecuente a este réxime, en canto dure esta situación.

Non se considerará en réxime de traballo a quenda o traballador que, aínda tendo un horario de traballo coincidente cunha calquera das quendas, non efectúe rotación normal de horario, a menos que sexa por interese da empresa.

Artigo 25º.-Gratificacións traballos de Noiteboa, Noitevella e Reis.

O persoal que teña que traballar algunha noite destes días (do 24 ao 25 de decembro, do 31 de decembro ao 1 de xaneiro e de 6 a 7 de xaneiro), será gratificado coa cantidade fixada no anexo IV por cada noite traballada.

Artigo 26º.-Complemento de distancia.

Terán dereito a este complemento os traballadores cando desde a súa residencia ao lugar de entroncamento co percorrido do servizo de ómnibus facilitado pola empresa medien máis de dous quilómetros.

Percibirán a cantidade estipulada no anexo IV por cada quilómetro percorrido de ida e volta e por cada xornada laboral, sen exclusión de ningún quilómetro percorrido.

Artigo 27º.-Axudas de custo.

Pagaranse os gastos mediante a presentación de factura, incrementados nas cantidades sinaladas no anexo IV (axudas, letra A). Tamén poderán optar os traballadores por cobrar as cantidades da letra B) do citado anexo, sen que se paguen os gastos.

Capítulo VI

Acción social

Artigo 28º.-Premios por vinculación.

A empresa establece un premio por vinculación aos traballadores que cumprisen vinte anos de antigüidade nela, ben de forma continuada ou alterna, sen teren roto o seu nexo laboral, así como aqueles traballadores que por xubilación, incapacidade total permanente, absoluta e grande invalidez ou falecemento non atinxan os 20 anos de antigüidade.

Este premio consistirá en:

1. Unha placa conmemorativa de prata.
2. Un premio en metálico cuxo importe se fixa no anexo IV.
3. Anulación de faltas leves, graves e moi graves en expediente laboral.

Artigo 29º.-Complemento enfermidade.

A empresa complementará até o 100% do salario convenio máis a antigüidade e a prima mínima, desde o primeiro día, se non se supera a porcentaxe de absentismo da sección; cando se supere este

porcentaxe de absentismo, a empresa complementará até o 100% dos conceptos citados a partir do día 25 da data de baixa. O servizo médico de empresa emitirá informe sobre os casos en que proceda aboar tal complemento, para o cal poderá efectuar os recoñecementos ou accións que coide oportunas.

Artigo 30º.-Axuda a diminuídos físicos e psíquicos.

Aqueles traballadores en situación activa que teñan a cargo fillos diminuídos, recoñecidos segundo as normas do INSS, percibirán a cantidade mensual reflectida no anexo IV por cada fillo. Así mesmo, a empresa aboará os gastos que a Administración do Estado non cubra naqueles casos en que asistan a escolas de educación especial.

Artigo 31º.-Axuda de estudos.

1. Terán dereito a optar a esta axuda os fillos de produtores en activo, de viúvas de traballadores e de xubilados.

2. As contías mínimas establecidas no anexo IV serán revisadas todos os anos e cubrirán os seguintes conceptos:

-Primaria 1º a 3º.

-Primaria 4º a 6º e ESO 1º e 2º.

-ESO 3º e 4º, bacharelato, BUP, COU, FP ou similares.

-Estudios técnicos e universitarios ou similares.

3. As contías anteriores incrementaranse segundo concorra o alumno nas seguintes circunstancias:

a) Cando teña que utilizar medios de transporte para acudir ao centro de estudos.

b) Se, alén do exposto na alínea anterior, tamén ten que comer fóra da súa residencia familiar.

c) Cando deba residir fóra da súa residencia.

4. Os mínimos establecidos no número 2 e 3 serán incrementados nun cincuenta por cento para fillos de viúvas de traballadores e fillos de produtores xubilados cuxos ingresos medios mensuais non superen a cantidade mensual sinalada no anexo IV.

5. Concederanse axudas económicas para estudos que tendan ao perfeccionamento dos traballadores, extensible ás súas esposas, dentro da súa liña de

promoción, ou ben contribúa á elevación do seu nivel cultural, de acordo coa sistemática establecida nos números precedentes.

Artigo 32º.-Seguro de accidentes.

A empresa concertará, ao seu exclusivo cargo, unha póliza de seguros que cubrirá todos os traballadores en activo polos riscos de morte ou invalidez total ou absoluta, derivada de accidente ocorrido as 24 horas do día (excepto riscos extraordinarios excluídos pola compañía de seguros), e enfermidade profesional, pola contía recollida no anexo IV. O incremento do importe entrará en vigor con efectos desde a data sinalada no citado anexo IV.

Artigo 33º.-Transporte de accidentados e enfermos.

A empresa porá ao dispor do persoal accidentado ou enfermo que teña que acudir aos centros médicos dela o medio de transporte adecuado ou, no seu defecto, aboarálles aos traballadores que estean nesta situación o importe correspondente a este traslado.

Capítulo VI

Disposicións derradeiras

Artigo 34º.-Vinculación á totalidade.

As condicións pactadas neste convenio forman parte dun todo orgánico, indivisible e para efectos da súa interpretación e aplicación práctica deberán ser considerados globalmente sen que, por isto, sexa procedente acudir ás disposicións favorables e rexeitar as que na súa illada consideración non o sexan.

Artigo 35º.-Publicidade.

A empresa deberá ter exposto un exemplar deste convenio en cada un dos centros de traballo, para o debido coñecemento de todo o persoal.

Artigo 36º.-Normas supletorias.

Para as materias non reguladas neste convenio observarase a lexislación laboral de aplicación xeral vixente en cada momento e o reflectido no sétimo convenio colectivo.

Disposicións adicionais

Primeira.-Revisión salarial.

Para cada un dos tres anos de vixencia deste acordo, garátese un incremento dun (1) punto sobre o IPC resultante o 31 de decembro de cada ano. Por isto, se for procedente, efectuarase unha revisión das táboas salariais con efecto retroactivo desde o 1 de xaneiro do ano correspondente, de modo que o incremento real signifique un incremento dun (1) punto por encima do IPC final de cada ano.

Segunda.-Acórdase continuar os traballos da comisión que, composta por catro membros de cada parte, ten por obxectivo a elaboración dun novo texto que substitúa o convenio actual unha vez que finalice a vixencia deste.

Acta de acordos alcanzados pola comisión paritaria do convenio colectivo de Cementos Cosmos, S.A., factoría de Oural

Asistentes:

-Representantes de la empresa: Jesús Martínez Rodríguez, José Antonio Valcárcel Tallos, Félix Rico Gómez, Miguel Rodríguez del Río.

-Representantes dos traballadores: Mario Secundino Camino López, José Antonio Ingerto Díaz, José Manuel Campo López, Fernando Pérez Rodríguez.

En Oural, factoría de Cementos Cosmos, S.A., o día 27 de xullo de 2004, reúnen as persoas citadas no encabezamento, co fin de proceder á interpretación do parágrafo 1º do artigo 11 do convenio colectivo de Cementos Cosmos, S.A., factoría de Oural, para 2004, 2005 e 2006, o cal levan a efecto conforme os seguintes

ACORDOS:

Primeiro.-Ambas as partes entenden que unha interpretación literal do primeiro parágrafo do artigo 11 do convenio colectivo pode contravir os máis recentes pronunciamentos xurisprudenciais sobre a idade de xubilación. Por tanto, co fin de evitar esta situación, acórdase aclarar o sentido dese parágrafo, que deberá ser interpretado como unha posibilidade aberta ao acordo entre a dirección da empresa e o traballador para proceder á xubilación anticipada do traballador que con 64 anos se xubila cumpríndose os requisitos do R.D. 1194/1984, do 17 de xullo (BOE do 20 de xullo).

Segundo.-Remitirille o citado texto á autoridade laboral para o seu rexistro e depósito e posterior publicación no boletín oficial correspondente. Para a realización destas tarefas facúltase a José Antonio Valcárcel Tallos.

E sen outros asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión, asinando os presentes en proba da súa conformidade con todo o exposto.